

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO QUINTO. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DE PREMIOS AMES AV LAB, LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2024. EXPEDIENTE GD 10031/2022.

Con data do 12.12.2022 asinouse convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames (Convenio 127/2022) para o financiamento das actividades do proxecto Ames AV LAB, Laboratorio para impulso de nova produción audiovisual dende o Concello de Ames. O convenio tiña como prazo de realización das actividades ata o 31.03.2024 sendo o importe do proxecto de 200.000 euros e a achega da Deputación Provincial do 80% (160.000 euros).

O convenio prorrogouse no sentido de que as actividades tiveran un prazo maior de realización ata o 31.03.2025 e a data de vixencia e xustificación do convenio ata o 30.11.2025. A dita prórroga autorizouse pola Deputación Provincial mediante acordo plenario do 24.11.2023 sendo asinado o novo convenio con data 13.03.2024.

O proxecto Ames AV LAB, Laboratorio para impulso de nova produción audiovisual dende o Concello de Ames está destinado a apoiar aos profesionais do sector audiovisual no seu percorrido inicial profesional e creativo. O proxecto está a desenvolver actividades de formación, titorización, mentorización realizada por profesionais do sector e, ademais, o realizaranse accións de networking coas empresas e profesionais do sector asentadas no noso concello para a posta en común de intereses, a visibilización de recursos e profesionais, así como a posibilidade de crear sinerxías entre o tecido produtivo, o talento e as institucións participantes.

O 15 de marzo de 2024 constitúese a comisión de gobernanza (convocatoria Decreto 792/2024) do proxecto Ames AV LAB, e entre outros asuntos, apróbanse as bases de selección de proxectos participantes, sendo publicado o seu extracto no BOP con data 20.03.24 e comezando así o prazo de presentación de solicitudes (decreto 849/2024). Unha vez rematado o proceso de selección de proxectos, e de acordo coas bases da convocatoria, con data 08.05.24 apróbase o decreto de Alcaldía 1490/2024 cos 15 proxectos seleccionados para participar e a correspondente listaxe de agarda no decreto de Alcaldía 1721/2024.

A actividade do laboratorio comeza o 20.05.24 coa presentación oficial dos proxectos participantes.

O Pleno do concello do 23.02.2023, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames para o período 2023-2025. En dito plan está prevista dentro das subvencións en

materia de promoción económica e fomento do emprego o proxecto Ames AvLab- (Laboratorio Impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames) en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, cuxos destinatarios son os proxectos participantes no laboratorio, e que conta cun importe de 70.000,00 euros.

O 22.03.2024 (BOP núm. 59), publicouse a aprobación definitiva do orzamento xeral, bases de execución e cadro de persoal para o ano 2024 do Concello de Ames. Dentro do capítulo de transferencias correntes contemplase 70.000,00 euros para axudas aos proxectos participantes no Ames AV Lab- Laboratorio para impulso de nova produción audiovisual dende o Concello de Ames que se destinaran para as axudas correspondentes á anualidade 2024.

Estas axudas están financiadas nun 20% con fondos propios a cargo da partida orzamentaria 2411-48900, e cofinanciado nun 80% pola Deputación da Coruña sendo o procedemento de concesión o de concorrência competitiva.

O 10.07.2024, reunida a comisión de gobernanza acordan aprobar as bases da convocatoria dos premios cun orzamento de 70.000 euros, para apoiar sete dos proxectos que están a participar no Ames Av lab- Laboratorio para impulso de nova produción audiovisual dende o Concello de Ames, tal e como se recolle na acta da segunda sesión da comisión.

O 17.07.2024, a concelleira delegada de promoción económica e emprego, Ana Belén Paz García, presenta unha proposta na que solicita o inicio da tramitación do expediente correspondente para aprobar a convocatoria destes premios destinados a apoiar aos profesionais do sector audiovisual no seu percorrido inicial profesional e creativo .

Figura no expediente, providencia de inicio da Alcaldía, de data 17.07.2024; Informe proposta da técnica de orientación laboral de data 22.07.2024; Informe de Secretaría sobre o procedemento de data 22.07.2024, así como informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 391/2024 do 22.07.2024).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a convocatoria da subvención para a concesión dos Premios Ames AV Lab, Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames, para a anualidade 2024.

Segundo. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo I deste acordo.

Terceiro. Aprobar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 2411.48900 do orzamento municipal en vigor por importe de 70.000,00 euros.

Cuarto. Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

O prazo para presentar as solicitudes será de quince (15) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS AMES AV LAB, LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2024

Datos do programa:

Concellaría	Promoción Económica
Anualidade	2024
Denominación	Premios “Ames Av Lab” – Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o concello de Ames.
Beneficiarios	Persoas físicas ou xurídicas representantes dos proxectos beneficiarios do “Ames AvLab” Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o concello de Ames, representados por persoas
Aplicación orzamentaria	2411.489.00
Importe da convocatoria	70.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Cada proxecto seleccionado como beneficiario deste premio recibirá a cantidade de 10.000,00 €

ANTECEDENTES

O laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual do Concello de Ames, cofinanciado nun 80 % pola Deputación Provincial da Coruña, a través do Convenio de Colaboración para o financiamento da realización das actividades do proxecto “AMES AV LAB” Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames (“AMES AV LAB”), dentro do Plan de Emprego Local, concíbese como un laboratorio de aceleración de proxectos audiovisuais para impulsar a produción, fomentar o talento emerxente e dinamizar o impulso do importante tecido produtivo audiovisual do Concello de Ames.

Ames ten unha alta especialización no sector audiovisual. Empresas produtoras e de servizos, líderes no mercado, teñen a súa sede no Concello, contribuíndo a posicionar Galicia como unha das rexións máis competitiva grazas a producións e coproducións de éxito. Entre outros, os motivos deste éxito local é o fácil acceso a estudos punteiros e polivalentes, empresas líderes en pos produción e dobraxe, provedores de tecnoloxía dixitais e boas comunicacións á beira da capital de Galicia.

“AMES AV LAB” deséñase como un programa de aceleración para profesionais do sector, que busca transformar e avanzar cara a nova produción audiovisual competitiva globalmente e adaptada ás tendencias e demandas do consumidor. Un programa no que mediante prácticas innovadoras e estratexias transformadoras, está a facilitar a creación e desenvolvemento de 15 proxectos. Baixo a supervisión de expertos, desde o pasado mes de maio, acompáñase no percorrido profesional e creativo mediante: formación, titorización, mentorización, asesoramento especializado e financiamento coa fin de poder validar as propostas e arrancar e acelerar as iniciativas empresariais que participan nel.

En definitiva, trátase dun laboratorio que apuntala o polo de talento que o audiovisual conformou no Concello de Ames, contribuíndo a definir a seguinte xeración de líderes do sector español con vocación internacional e innovadora.

Neste contexto o Concello de Ames, en colaboración coa Deputación provincial da Coruña, lanza a convocatoria de premios dentro do programa “AMES AV LAB”.

Esta iniciativa está deseñada para impulsar aos proxectos participantes no “AMES AV LAB” e ten como obxectivo principal apoiar o desenvolvemento e a execución destes proxectos.

Con data 10 de maio de 2024 ditouse o decreto 1490/2024 no que se procedeu a aprobación da listaxe de proxectos seleccionados para a súa participación no “AMES AV LAB” e a correspondente listaxe de agarda publicada no decreto 1721/2024.

A contía total dos premios, ascende a 70.000 euros, reflectindo o compromiso conxunto por fortalecer a industria audiovisual local. Cada proxecto seleccionado a través destas bases recibirá un premio de dez mil euros, para o seu desenvolvemento e execución. A convocatoria estrutúrase en tres fases que implican a avaliación, destacando a importancia da participación activa nas actividades programadas do AMESAVLAB e a presentación de propostas creativas e financeiramente viables.

PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria de premios é ofrecer apoio financeiro aos proxectos participantes no Laboratorio de Aceleración de Proxectos Audiovisuais “AMES AV LAB”. Os premios proporcionarán un financiamento a tanto alzado destinado ás actividades de definición e desenvolvemento inicial do proxecto. Este apoio económico funcionará como “capital semente”, permitindo aos proxectos establecer unha base sólida desde a cal poderán atraer financiamento adicional e continuar o seu desenvolvemento con maiores garantías de éxito.

SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

Á presente convocatoria seralle de aplicación o disposto nas bases de execución do orzamento, así como o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (en diante, LXS) e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

A convocatoria destes premios enmárcase no ámbito das competencias da administración local de promoción de cultura e equipamentos culturais (artigo 25 Lei 7/1985, de 2 abril, de bases reguladores do réxime local).

Ademais, segundo o artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, enmárcase nos convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O gasto que comporta a convocatoria ascende 70.000 euros, que serán imputables á aplicación orzamentaria 2411.48900 do orzamento municipal para 2024.

CUARTA. CONTÍA DOS PREMIOS

O orzamento total de 70.000 euros, está destinado a apoiar a sete (7) dos proxectos participantes en “AMES AV LAB”. Cada un dos proxectos seleccionados como beneficiarios deste premio recibirá a cantidade de 10.000 euros.

QUINTA. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas destinatarias dos premios serán sete (7) dos quince (15) proxectos participantes no “AMES AV LAB” Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames e co cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña conforme aos decretos 1490/2024 e 1721/2024, que serán elixidos a través do procedemento específico que se regula nestas bases.

Para participar na convocatoria, é necesario que as persoas solicitantes cumpran con todas as súas obrigacións coa Administración Pública, incluíndo a Seguridade Social, a Facenda Estatal e a Facenda Autonómica, así como

co Concello de Ames. Ademais, non deben incorrer en ningún dos supostos mencionados no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro (LXS).

SEXTA. RÉXIME DE CONCESIÓN

O réxime de concesión destas axudas será o de concorrência competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización de recursos.

Un extracto da convocatoria será publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). No portal de transparencia do Concello de Ames publicarase integramente o texto da convocatoria.

As bases serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local, previa aprobación pola comisión de gobernanza do “AMESAVLAB”.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

O procedemento de solicitude constará de **tres fases**:

Fase 1: Presentación de Solicitudes

As solicitudes presentaranse axustándose ao modelo normalizado que se inclúe no Anexo I deste documento e que estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>).

Este formulario normalizado irá acompañado da seguinte documentación:

- a) **Proposta de fitos temporalizada a realizar ao longo do desenvolvemento de “AMESAVLAB”. A modo indicativo e non limitante poderán ser:**
 - a. Biblia do proxecto.
 - b. Guión no caso de longametraxes, guión do primeiro capítulo e trama no caso de series e tratamento documental no caso de documentais.
 - c. Teaser.
 - d. Storyboard.
 - e. Animatic.
 - f. Plan de rodaxe.
- b) Documentación acreditativa da personalidade xurídica de ser o caso.
- c) Certificado de titularidade da conta bancaria

Prazo: O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte da publicación do extracto destas bases de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>)

Fase 2: Documentación Complementaria

As persoas participantes deberán presentar a seguinte documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>):

- **Film Canvas** (de acordo ao modelo do “AMESAVLAB”), nunha páxina, que describirá os aspectos fundamentais do proxecto.

En relación ao equipo descrito no Film Canvas, aqueles membros que se detalle de xeito nominal deberanse acreditar con cartas de apoio e/ou compromiso.
- **Orzamento e plan de financiamento**, que especificará como se financiará o proxecto, incluíndo fontes de financiamento e orzamentos estimados.
- **Informe de cumprimento de fitos**, que demostrará que os fitos propostos na Fase 1 foron alcanzados e

documentados adecuadamente.

Prazo: O prazo para presentar esta documentación finalizará o 15 de outubro.

Fase 3: Presentación Final dos proxectos en novembro

Nesta fase, as persoas solicitantes deste premio deberán presentar o seu proxecto na actividade de peche do “AMES AV LAB” ante a Comisión de Avaliación desta convocatoria.

Deberán presentar o documento dixital empregado na presentación final de clausura do “Ames AV Lab”.

Prazo: O prazo para presentar esta documentación finalizará o 28 de novembro.

As persoas que soliciten estes premios responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello de Ames poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

O Concello de Ames resérvase o dereito de consultar as inhabilitacións das persoas solicitantes para a obtención de subvencións e axudas, co fin de verificar que non estean suxeitos a ningunha prohibición ou restrición que lles impida acceder a estes beneficios.

De conformidade co apartado sétimo das presentes bases reguladoras que rexen esta convocatoria, se a solicitude non reunise todos os requisitos esixidos ou non se acompañase toda a documentación, se requirirá á persoa solicitante para que, nun prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto e/o achega os documentos preceptivos. De acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de non atenderse o requirimento no prazo sinalado, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución.

OITAVA. FORMA, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Ao abrirse a convocatoria, disporase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>) do modelo normalizado de solicitude, incluído no Anexo I destas bases reguladoras e que estará accesible na sede electrónica ata o peche da convocatoria. A información e documentación que se solicita será utilizada, en primeiro termo, para comprobar que o proxecto cumpre cos requirimentos mínimos de participación establecidos no apartado quinto destas bases reguladoras, en segundo lugar, para valorar a súa posible selección conforme aos criterios de avaliación expostos neste documento.

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude a través da sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>), mediante o trámite de “Instancia Xeral”.

O prazo de solicitude iniciárase formalmente o día seguinte da publicación do extracto das bases de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>) e finalizará 15 días hábiles despois, sen prexuízo das accións de promoción, difusión ou comunicación a través dos medios propios habilitados no mesmo ou a través doutros medios tales como redes sociais ou medios de comunicación.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación da presente convocatoria e as súas bases reguladoras.

Para solucionar as dúbidas que poidan producirse durante o proceso de rexistro e de cubrir o formulario de inscrición, pónense a disposición dos interesados varias vías de contacto co Equipo Xestor de “AMES AV LAB”:

- Teléfono: 608459678
- Correo electrónico: info@amesavlab.gal

NOVENA. COMPOSICIÓN DO XURADO QUE EFECTUARÁ A VALORACIÓN

Os proxectos serán seleccionados pola comisión de avaliación das solicitudes, que estará composta por:

- a) Unha persoa representante do Concello de Ames
- b) Unha persoa representante da Deputación da Coruña
- c) Dúas persoas representantes de tecido empresarial do sector audiovisual de Ames

- d) *Unha persoa representante do Equipo Xestor de AMES AV LAB*
- e) *Unha persoa como membro adicional do xurado proposto polo Concello de Ames*

Poderase invitar como persoal asesor ata un máximo de catro persoas representantes da mentorización e docencia do laboratorio.

Exercerá como secretario/a do xurado, con voz pero sen voto, aquela persoa que determine o Concello de Ames.

A composición do xurado será nomeada por resolución de alcaldía.

DÉCIMA. INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

Unha vez rematada a fase 1 de solicitude, a comisión de avaliación revisará as solicitudes presentadas e a documentación achegada, facendo os requirimentos de subsanación, de ser o caso.

Unha vez rematada a fase 2, a comisión de avaliación revisará as solicitudes e a documentación achegada, facendo as reclamacións oportunas, de ser o caso.

Unha vez rematada a fase 3, de presentación final do proxecto, a comisión de avaliación formulará a proposta definitiva de selección que se remitirá á xunta de goberno local para a súa aprobación, xunto coa correspondente listaxe de agarda á que se poderá acudir no caso de que algún das persoas participantes non acepte a resolución.

O acordo da Xunta de Goberno Local seralle notificado electrónicamente aos proxectos seleccionados.

A resolución de concesión pon fin á vía administrativa e contra o devandito acto poderá interporse recurso de reposición, así como cando transcorrese o prazo para resolver sen que recaese resolución expresa, no prazo dun mes se o acto fóra expreso e tres meses se se interpón contra o silencio administrativo desestimatorio, a partir do día seguinte ao da devandita notificación, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, ou ben interpoñer, directamente no prazo de dous meses, ou seis se non fóra expreso, contados a partir do día seguinte ao da notificación, recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 124.1 da lei mencionada e do artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa Administrativa. Tamén poderá utilizar, no entanto, outros recursos, se se estimase oportuno.

Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo (3 meses) non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaón de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal.

DÉCIMO PRIMEIRA. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Rematada a fase 3 do proceso de selección, a comisión de avaliación analizará a documentación presentada de acordo aos seguintes criterios de valoración:

1. **Grao de participación e aproveitamento nas actividades de Ames Avlab:** Ata 20 puntos. Valorarase en función da porcentaxe de participación do solicitante nas actividades programadas, verificado a través dos rexistros de asistencia.
2. **Film Canvas:** Ata 20 puntos. Considerarase a orixinalidade do enfoque, a claridade do modelo do proxecto audiovisual, a súa solidez e coherencia, así como a innovación demostrada na proposta técnica e artística.
3. **Plan de financiamento e orzamento:** Ata 20 puntos. Asignarase en función da viabilidade e coherencia do plan de financiamento presentado. Valorarase a capacidade do proxecto para asegurar os recursos financeiros necesarios, a diversificación de fontes de financiamento, así como a estratexia para a sustentabilidade económica a longo prazo.
4. **Cumprimento dos fitos propostos polo proxecto:** Ata 20 puntos avaliando o alcance dos fitos propostos, así como a súa calidade e grao de cumprimento.
5. **Presentación pública final do proxecto no evento de clausura do “AMES AV LAB”:** Ata 20 puntos. Asignaranse segundo a calidade e efectividade da presentación, a habilidade para comunicar de maneira persuasiva e convincente os aspectos clave do proxecto, a capacidade de resposta a preguntas e críticas, así como a claridade e o impacto xeral da presentación e do proxecto.

Os proxectos poderán alcanzar unha puntuación máxima de 100 puntos.

Serán baremados de acordo a puntuación establecida en cada criterio de valoración, tendo en conta a calidade da proposta presentada, así como os elementos innovadores que se propoñan.

Estes criterios buscan asegurar unha valoración integral e equitativa de cada proxecto, favorecendo aqueles que demostren tanto unha participación activa nas actividades do “AMES AV LAB” como un potencial significativo para contribuír ao ámbito audiovisual.

DÉCIMO SEGUNDA. MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE.

A resolución do procedemento seralle notificado electrónicamente aos proxectos seleccionados e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames de conformidade co establecido no art. 26 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións .

DÉCIMO TERCEIRA. PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de nove meses, de conformidade co artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O dito prazo comezará a contar a partir da última fase do proceso de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, poderanse entender desestimadas por silencio administrativo.

DÉCIMO CUARTA. ABONO E REINTEGRO DOS PREMIOS

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

O pago realizarase mediante transferencia á conta que indicará o premiado.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro (LXS).

DÉCIMO QUINTA. COMPATIBILIDADE

Estes premios serán compatibles coa concesión doutras axudas e subvencións, calquera que sexa a súa natureza e a administración ou entidade que as conceda.

DÉCIMO SEXTA. ASPECTOS LEGAIS

– Órganos de control das aportacións concedidas.

Os proxectos beneficiarios dos premios quedan obrigados a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras da Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

– Propiedade intelectual

Cada persoa solicitante garante que o contido da súa presentación é da súa creación orixinal e non infrinxe ningún dereito, incluídos os dereitos de propiedade intelectual de terceiros e que o contido non é ilegal, nin foi creado incumprindo ningunha obriga contractual con terceiro.

A información facilitada polo solicitante debe ser correcta, veraz e completa, asumindo o solicitante a total responsabilidade das posibles inexactitudes. En caso contrario, “AMES AV LAB” terá dereito, sen prexuízo de calquera outro medio legal, a retirar, rexeitar ou suspender os dereitos que se lle outorgan ao solicitante nestas bases.

A persoa participante autoriza expresamente aos responsables do programa a utilizar o seu nome e imaxe en material publicitario relacionado con esta convocatoria, sen compensación algunha. Ao presentar a súa solicitude, o participante asume que a presentación do documento de solicitude confirma o seu carácter voluntario.

A persoa solicitante acepta que os responsables do programa tomen decisións relativas a esta convocatoria.

– Revelación de información

A aceptación destas bases autoriza ás entidades promotoras a utilizar o logotipo, denominación do proxecto, ou calquera outro tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado durante o transcurso do programa, en todas aquelas actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, independentemente do soporte ou formato utilizado.

DATA DE SINATURA: 26/07/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C0177DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B5CDAC1604C5CE4A9A

O contido de todas as ideas e proxectos presentados a esta convocatoria, así como todos os datos e informacións de calquera índole facilitados polo solicitante, serán tratados de xeito confidencial por “AMES AV LAB”, que se compromete a non utilizalos para fins distintos aos derivados deste documento.

– **Comunicacións**

Todas as notificacións relativas a esta convocatoria faranse a través da sede electrónica do Concello de Ames. As consultas faranse a través do correo electrónico ou teléfono empregado nesta solicitude, ou aquel que posteriormente faciliten os principais promotores do proxecto para o dito fin.

– **Protección de datos persoais**

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación das solicitudes de inscrición e participación na convocatoria e valorar os proxectos presentados no programa AMES AV LAB, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada na realización dunha misión en interese público e o cumprimento dunha obriga legal fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Os datos comunicaranse á empresa Craftium, S.L coa finalidade de poder executar o citado programa.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns – Ames), poñéndose en contacto co delegado de protección de datos (dpd@concellodeames.gal) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

A aceptación destas bases, sen reservas nin condicións, supón o consentimento explícito e inequívoco do uso dos datos persoais facilitados polos proxectos durante a fase de inscrición e de participación no programa, a subministración dos datos con este fin é obrigado.

A participación implica a súa autorización para que se realicen, no seu caso, fotografías e vídeos coa finalidade de promocionar o concurso mediante a publicación e reprodución de ser o caso e sen limitación da súa imaxe e nome en calquera tipo de publicidade, promoción, en redes sociais e calquera outro medio de comunicación análogo, de forma gratuíta.

Os datos serán conservados durante o tempo que dure a convocatoria e anúnciese aos candidatos seleccionados e, posteriormente, durante o tempo que sexa necesario para responder ás posibles responsabilidades legais xurdidas como consecuencia da participación na convocatoria. En calquera caso, os datos dos adxudicatarios poderán ser conservados de maneira indefinida a efecto de históricos, salvo que estes opoñan do xeito indicado anteriormente.

As persoas participantes son os únicos responsables da veracidade dos seus datos, podendo ser excluídos en caso de incumprir estes requisitos. No caso de que os datos proporcionados fosen falsos ou non se cumprisen algúns dos requisitos establecidos nas presentes bases o Concello de Ames resérvase o dereito de descualificar o proxecto seleccionado e elixir a outro dos demais proxectos presentados e así sucesivamente até seleccionar un proxecto.

– **Reclamacións**

Calquera controversia derivada da interpretación ou execución deste documento será resolta polo concello de Ames a través de Comisión de Gobernanza, que será remitida á Xunta de Goberno Local como órgano competente para a súa aprobación.

PARA MÁIS INFORMACIÓN pódese contactar a través do teléfono 608459678 ou mediante o correo electrónico info@amesavlab.gal.

– **Uso de logos**

As persoas beneficiarias dos premios comprométense a utilizar os logotipos das entidades financiadoras, o Concello de Ames e a Deputación da Coruña, en todas as comunicacións, actividades de difusión, materiais promocionais e publicacións relacionadas co proxecto. Ademais, deberán facer mención expresa ás devanditas entidades en calquera presentación, informe ou evento público que estea relacionado cos logros e avances do proxecto, así como no produto final.

DÉCIMO SÉTIMA. DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ames, na Lei 38/2003, xeneral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

ANEXO I : SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DOS PREMIOS DE AMES AV LAB – LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES

As persoas interesadas deberán realizar a súa solicitude a través da sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>).

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
A solicitude será presentada pola persoa titular do proxecto que consta no decreto 1490/2024 de data 10 de maio de 2024 no que se procedeu a aprobación da listaxe de proxectos seleccionados para a súa participación no “AMES AV LAB” e a correspondente listaxe de agarda (decreto 1721/2024 do 31 de maio de 2024).			
NOME		APELLIDOS	
NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	
ENDEREZO CONTACTO	DE		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	

/Actuando en nome propio

/Actuando en representación de (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):

NOME / RAZÓN SOCIAL	APELLIDOS
CIF/NIF/NIE	EN CALIDADE DE:

Sinale como presenta o proxecto:

/ PERSOA FÍSICA

/ PERSOA XURÍDICA

Se e o caso, indique DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE:

INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO
NOME DO PROXECTO PARA O QUE SOLICITA O PREMIO
ESTADO ACTUAL DE DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO
INDICAR A CONTINUACIÓN OS FITOS DE TRABALLO A DESENVOLVER AO LONGO DO PROGRAMA DE AMESAVALAB.

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA:	
NÚMERO DE CONTA (24 DÍXITOS)	

Os asinantes, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao asinar a ficha de inscrición, manifesta/n, baixo a súa responsabilidade que:

1.- De acordo con o establecido no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións, non está/n incurso/s en ningún dos suposto que impidan obter a condición de beneficiario.

3.- Atoparse ao corrente dos deberes tributarios e coa seguridade social.

4- Que con todo o anterior, para a tramitación desta solicitude:

/AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

/NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social

Ademais, por medio desta solicitude declaro que:

/ Todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achegan a esta solicitude son certos.

/ Actúo como titular do proxecto e en nome e representación de todo o equipo que participa no AMESAVALAB.

Documentación necesaria a achegar a este formulario de solicitude:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica de ser o caso
- Certificado de titularidade da conta bancaria

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados, de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Ames.

Ames, ____ de _____ de 2024

Asdo.:

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 26.07.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo